

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos:
Área de Comunicación.

Supervisión lingüística:
Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra
Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

SUMARIO

- [1-4] NOVAS
- [2-4] IGAEM
- [3] Centro Dramático Galego
- [4] Escola de Altos Estudos Musicais
- [4] NOVIDADES EDITORIAIS
- [5-6] AXENDA
- [7-8] ALERTA!
- [9] A REDE EN CIFRAS

O IGAEM ESTREA WEB

A NOVA PÁXINA CONFIGÚRASE COMO A PRINCIPAL CANLE DE INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN CO SECTOR E CO PÚBLICO XERAL

DESDE O DOMINIO <http://igaem.xunta.es> OFRECERASE UNHA ACTUALIZACIÓN CONTINUA DE NOVAS, AVISOS E CARTELEIRA DE ESPECTÁCULOS

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) conta a partir deste mes de xullo coa súa nova páxina web oficial, elaborada na súa configuración e contidos como o principal instrumento comunicacional do organismo co sector da música, o teatro e a danza en Galicia, ademais de manter canles abertas de participación e información co público xeral.

Na nova web óptase por destacar as seccións que darán a coñecer puntualmente a xestión e actividades do IGAEM, mediante amplos apartados de novas, de avisos e de carteleira que se incorporan á portada, así como a través dunha entrada directa á consultoría laboral, fiscal e contable aberta ás empresas do sector como un dos principais servizos en liña que se prestan diariamente. Ao mesmo tempo, a reconstrución pasou pola necesaria adecuación á normativa comunitaria canto á accesibilidade e usabilidade que se esixen aos contidos depositados en Internet por parte das institucións e organismos públicos.

[continúa na pantalla seguinte]



[vén da pantalla anterior]

Desde a mesma páxina de inicio establécense os menús de acceso aos principais programas e centros de produción do IGAEM, como son a Rede Galega de Teatros e Auditorios, o Centro Dramático Galego-Salón Teatro, a Escola de Altos Estudos Musicais, o Grupo de Música Tradicional, o Centro de Documentación ou a Feira das Artes Escénicas de Galicia. Neste último caso, a través da pestana que se corresponde, ábrese a páxina feiradasartescenicais.com, que serviu á recentemente celebrada edición 2006 deste evento.

O boletín **e-scena** ocupa así mesmo un módulo salientable nesta nova estrutura web, xa que desde igaem.xunta.es os usuarios poden acceder a todos os números editados.

Tamén hai lugar para todo tipo de información corporativa do IGAEM e das súas convocatorias de axudas e premios, así como distintos descritores tanto sobre o seu funcionamento interno como dos seus proxectos externos en curso. Completan os contidos dispostos o catálogo de publicacións do organismo, unha clasificación de ligazóns de interese e a posibilidade de acceder á suscripción para os apartados de novas, de convocatorias e de carteleira.

A posta en funcionamento desta nova páxina, que substitúe á que ocupaba até agora ese mesmo dominio, é o primeiro banzo dun proceso máis amplo de optimización de todos os soportes web do IGAEM, xa que nos meses vindeiros verán a luz novas aplicacións de utilidade e se integraran outras páxinas cos seus dominios propios, tarefa que se iniciará para os casos concretos do Centro Dramático Galego e da Rede Galega de Teatros e Auditorios ■



SELECCIONADOS OS 15 BAILARÍNS PARA O ESPECTÁCULO COREOGRÁFICO QUE DIRIXIRÁ MARUXA SALAS DENTRO DA NOVA UNIDADE DE DANZA DO IGAEM

O pasado 15 de xuño tiveron lugar na Coruña as audicións para a selección dos 15 bailaríns que integrarán o novo espectáculo coreográfico que producirá o IGAEM baixo a dirección artística da bailarina e coreógrafa ourensá Maruxa Salas, na actualidade titular da compañía Neodans.

Entre os máis de corenta candidatos que concorreron ás probas, resultaron finalmente seleccionados María Pilar Abaurrea Zardoya, Pablo Aradillas Extremadouro, Lorena Ballesteros Rodríguez, Miguel Ángel Bolo Oltra, Elena Conesa Ros, Alexis Fernández Ferreira, Carmela García García, Kirenia Celia Martínez Acosta, María Cristina Miralles Alsina, Gustavo Muñiz Vázquez, Amparo Novas Coya, Matilde Pedreira

Fernández, Ana Beatriz Pérez Enríquez, Catarina Varela Garea e Iván Villar Agulleiro.

Os bailaríns, que comezarán os ensaios o 1 de setembro, integrarán o primeiro elenco artístico da nova unidade de produción de danza do IGAEM, á que vén de incorporarse como coordinadora Natalia Balseiro, quen até agora desenvolvía o seu labor profesional na Área de Proxectos da *Red Española de Teatros, Auditorios y Circuitos de Titularidad Pública* ■

O IGAEM CONVOCA O IV CERTAME DE CREACIÓN COREOGRÁFICA DE GALICIA CUNHA DOTACIÓN DE ATÉ 11.500 EUROS EN PREMIOS

O IGAEM vén de convocar a cuarta edición do Certame Coreográfico de Danza Contemporánea e Ballet Contemporáneo de Galicia, aberto a todos os coreógrafos e coreógrafas calquera que sexa a súa nacio-

nalidade, co obxectivo de incentivar a actividade profesional neste sector artístico, así como a investigación, a innovación e as postas en escena imaxinativas.

Os premios que poden outorgarse suman os 11.500 €, xa que se contemplan un primeiro premio de 4.000 €, un segundo de 2.500 €, un terceiro de 2.000 € e un premio de 1.500 € ao bailarín/ina máis sobresaínte. Ademais, se o xurado nomeado ao efecto considera oportuno entregar algunha mención a maiores, esta será premiada con 1.500 €.

Os interesados deberán enviar as súas propostas ao IGAEM antes do 18 de setembro de 2006, conforme ao formato e demais documentación que se esixe nas bases do certame. Así, por exemplo, as obras deberán ser orixinais, interpretadas por un elenco de 3 a 6 bailaríns/inas e estreadas en 2006. O xurado, tras visionar e avaliar todas as propostas, realizará unha preselección de candidatos aos premios, que habrán de executar o seu traballo sobre o escenario do Salón Teatro o 17 de novembro de 2006, día no que se darán a coñecer os gañadores. A decisión final basearase en criterios de orixinalidade, capacidade de invención, innovación e risco das propostas, manexo da linguaxe coreográfica e utilización do espazo escénico e dos seus elementos ■



Natalia Balseiro, Ánxela Bugallo e Maruxa Salas

EDITADO O NÚMERO CERO DA REVISTA ESPECIALIZADA EN DANZA INQUEDANZAS

A Asociación Galega de Profesionais da Danza (AGPD) acaba de sacar á rúa o número cero da nova revista *Inquedanzas*, que pasa a ser a primeira publicación periódica galega especializada en danza, coa que se pretende materializar un instrumento útil de información para os cidadáns e profesionais do sector.

A realización da revista, que conta co patrocinio do IGAEM, corre a cargo da devandita Asociación, que leva a cabo o proceso completo de edición dos tres números de *Inquedanzas* previstos para 2006 (nº 0 en xuño, nº 1 en setembro e nº 2 en decembro).

Nesta primeira entrega, *Inquedanzas* faise eco na súa portada do novo proxecto coreográfico que porá en marcha o IGAEM baixo a dirección de Maruxa Salas, así como doutros asuntos como o vindeiro



IV Certame de Creación Coreográfica. Completan as súas páxinas outras informacións relativas aos actos celebrados en Galicia para conmemorar o pasado Día Internacional da Danza, un informe sobre a situación actual canto ás equivalencias de títulos de formación nesta disciplina artística, ademais dunha axenda que recolle o máis salientable da programación de danza nos escenarios de toda a xeografía española ■

REDACTADO O BORRADOR DA REFORMA DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A Comisión Técnica de Reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios concluíu as súas reunións de traballo coa redacción dun documento no que se recollen as súas propostas no que atinxe aos requisitos aplicables tanto ás compañías artísticas como aos espazos escénicos que participan nesta programación, así como aos mecanismos xerais de funcionamento e condicións de contratación.

A devandita Comisión, da que formaron parte representantes do IGAEM, das distintas asociacións escénicas e programadores de Cultura municipais, consensuou un borrador que está agora en proceso de información e participación dos 45 concellos e entidades de toda Galicia integrantes na actualidade da Rede.



A normativa finalmente resultante, que comezará a implantarse a partir de xaneiro de 2007, marcará os mínimos esixibles en apartados como número de funcións anuais, dotacións para as salas de butacas, escenarios, camaríns, equipamentos de luces e de son, equipamentos informáticos, de persoal e de servizos.

Tamén se prevé o establecemento dun sistema homoxéneo de cachés, de programación e de contratación, ademais dos importes mínimos dos prezos para o público e demais normas xerais de funcionamento ■

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS DE GALICIA CONGREGOU A PRETO DE 3.000 ESPECTADORES

Un total de 2.950 espectadores acudiu aos espectáculos programados na Feira das Artes Escénicas de Galicia que, organizada polo IGAEM, celebrou a súa XIV edición entre os pasados 13 e 17 de xuño coa programación de 27 montaxes de teatro e danza en cinco espa-

zos escénicos de Santiago de Compostela.

Aínda que a finalidade primordial deste evento é amosar o mellor da produción escénica galega actualmente en período de contratación ao máis dun centenar de programadores culturais e distribuidores de toda a península ibérica acreditados, os espectáculos nos que se posibilitou o acceso xeral foron refrendados maioritariamente polo público

Tamén rexistraron unha notable afluencia de público a exposición "El escenario de la ilusión" instalada na Fundación Gonzalo Torrente Ballester, así como as 15 presentacións de proxectos e estudos sobre o sector escénico que se desenvolveron nas máñans dos días 14, 15 e 16.

Nos vindeiros meses o IGAEM realizará un proceso de avaliación dos obxectivos desta última edición, cara o deseño do novo modelo de Feira para o 2007, así como para fixar as datas máis axeitadas cara a súa celebración ■

O CDG ESTUDA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA

O Centro Dramático Galego (CDG) estuda a posta en marcha dunha nova liña de traballo dedicada á creación dramática contemporánea, co obxectivo de prestar apoio ás novas linguaxes dramáticas tanto textuais como xestuais cara ao seu desenvolvemento.

Como primeira actividade deste centro proxéctase o funcionamento dun taller de escrita teatral integrado por un máximo de 10 alumnos que poidan aportar experiencia ou formación probada nas artes escénicas. A finalidade do taller será a creación dun texto dramático como resultado do traballo realizado durante un semestre, previsiblemente de novembro de 2006 a maio de 2007.

Dentro do seu plano de produción propia, o CDG iniciará o 21 de agosto o período de ensaios de *O regreso ao deserto*, de B. M. Koltés, espectáculo que abrirá a próxima temporada da compañía pública. Baixo a dirección de Cristina Domínguez e coa participación dun total de 14 actores, a proposta escénica do CDG estrearáse o 20 de outubro.

O regreso ao deserto, que o autor sitúa en Francia a principios dos anos sesenta canda a guerra con Alxeria, desenvolve a súa trama a partir do conflito que se crea polo retorno, tras quince anos de exilio precisamente nese país africano, de *Mathilde Serpenoise* e os seus dous fillos á casa herdada do seu pai nunha vila do leste francés, casa ocupada agora pola familia do seu irmán ■

UN TOTAL DE 26 ALUMNOS PARTICIPA NA QUINTA EDICIÓN DO FESTIVAL DE CONTRABAIXO "LUDWIG STREICHER" DA EAEM

O Festival de Contrabaixo "Ludwig Streicher" chega este ano á súa quinta edición, que se desenvolve en Santiago do 3 ao 10 de xullo, cun intenso programa de actividades no que as clases teóricas e prácticas se complementan cunha serie de concertos e conferencias de entrada libre. A AIE (Artistas, Intérpretes y Ejecutantes Sociedad de Gestión) colabora coa EAEM na organización deste encontro, coordinado polo profesor Carlos Méndez, que naceu grazas á iniciativa dun grupo de antigos alumnos do contrabaixista austríaco Ludwig Streicher na Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid.

Un total de 26 músicos procedentes de diferentes puntos do Estado asiste ás clases que imparte na sede da EAEM un profesorado do que forman parte recoñecidos contrabaixistas, encabezados por Ferrán Sala, ex intérprete da Orquestra Municipal de Barcelona e da Sinfónica do Gran Teatro do Liceo e pioneiro no ensino do contrabaixo en España durante a súa etapa como profesor nos conservatorios do Liceo de Barcelona, e por Wolfgang Harrer, ex contrabaixista da

Orquestra Sinfónica da Radio de Viena e da Orquestra de Cámara da Ópera vienesa e profesor na Academia de Música de Saarbruecken (Alemaña), quen se suma este ano ao claustro do encontro. Ambos encárganse das clases maxistras dentro deste programa lectivo, no que Carlos Méndez, contrabaixo principal da Real Filharmonía de Galicia e profesor da Escola de Altos Estudos Musicais, e Christoph Filler, contrabaixo principal da Bilboko Orquestra Sinfónika, impartirán as sesións de repertorio solístico; Damián Arenas, contrabaixo *tutti* da Orquestra Sinfónica de RTVE, de repertorio orquestral; Roberto Terrón, contrabaixo co-principal da Orquestra de RTVE, de música de cámara; e Alfonso Morán, contrabaixo co-principal da Real Filharmonía, de jazz. Os pianistas Ángel Gago e Lorenzo de los Santos acompañanos no desenvolvemento das clases.

Canto ás actividades paralelas, que poden consultarse na nosa sección de axenda, celébranse catro conferencias a cargo dos prestixiosos arqueteiros Bernd e Michael Dölling, e dos profesores Xosé Crisanto Gándara, M^a Jesús Navalpotro e Ferrán Sala, así como catro concertos protagonizados polo Cuarteto Roberto Somoza, o Dúo Cordófono e os propios alumnos do festival ■

Participantes na pasada edición do Festival



novidades editoriais



Confusión de María Balteira

Marica Campo

Estudo introdutorio:
María Pilar García Negro

Universidade da Coruña. Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística
Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, n° 43 (Serie Azul-Neodramática)
ISBN: 84-9749-187-4
PVP: 10 €

A literatura de Marica Campo achega unha orixinal e recorrente óptica feminista no tratamento da exclusión-presenza das mulleres no discurso literario. Esta obra teatral, que supón a súa consagración como dramaturga, retrata a María Pérez, a celeberrima Balteira, á que lle dá voz propia a través deste personaxe teatral.


A costureira d'aldea

Manuel Luguís Freire

Edición, introdución
e notas: Teresa López

Universidade da Coruña.
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística
Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor,
n° 44 (Serie Azul)
ISBN: 84-9749-193-9
PVP: 12 €

A Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor presenta a primeira edición impresa deste texto dramático escrito en verso, que no ano 2005 foi atopado nos fondos da Real Academia Galega. Peza teatral que consta dun único acto dividido en trece escenas, *A costureira d'aldea* é unha das primeiras obras literarias de Manuel Luguís Freire, que o escritor mariñán ao que este ano estivo dedicado o Día das Letras Galegas escribiu en 1884 durante a súa estadía na Habana.



Valle-Inclán no Teatro Galego. A recepción da obra dramática de Valle-Inclán na dramaturxia galega (1916-1973)

Euloxio R. Ruibal

TrisTram
Colección Máscaras, n° 6
ISBN: 84-89377-62-6
PVP: 14 €

O dramaturgo Euloxio R. Ruibal rastrea e analiza a influencia da estética *valleinclaniana* nos textos dos principais autores galegos e, xa que logo, a súa incidencia e significación na creación e desenvolvemento dunha dramaturxia nacional galega. O estudo céntrase en quince escritores, inseridos en tres momentos literarios: a Época Nós, a dramaturxia do exilio e a emigración (1939-1964) e o teatro en Galicia (1939-1973).



Mofa e Befa

Conferencia
Bernd e Michael Dölling
Tradición arquiteira na casa Dölling
Santiago de Compostela 13.00 h
AUDITORIO DA EAEM

Cuarteto Roberto Somoza
(Roberzo Somoza, saxos; Alfonso Morán, contrabaixo; Manolo Gutiérrez, piano; e Carlos Bastón, batería)
Santiago de Compostela 22.30 h
JAZZ CLUB DADO DADA

Conferencia
Bernd e Michael Dölling
A construción de arcos no século XXI
Santiago de Compostela 13.00 h
AUDITORIO DA EAEM

Conferencia
Xosé Crisanto Gándara e María Xesús Navalpotro:
O legado musical de Antonio Torelló
Santiago de Compostela 17.00 h
AUDITORIO DA EAEM

Charla
Ferrán Sala:
Técnicas de estudo. Como enfrontar una obra
Santiago de Compostela 16.00 h
AUDITORIO DA EAEM

Alumnos do V Festival de Contrabaixo "Ludwig Streicher",
acompañados polos pianistas Lorenzo de los Santos e Ángel Gago
Santiago de Compostela 18.30 h
AUDITORIO DA EAEM

Alumnos do V Festival de Contrabaixo "Ludwig Streicher",
acompañados polos pianistas Lorenzo de los Santos e Ángel Gago
Santiago de Compostela 18.30 h
AUDITORIO DA EAEM



IV Edición do Festival

Dúo Cordófonos
Carlos Méndez, contrabaixo
Alejo Amoedo, piano
Santiago de Compostela 19.00 h
AUDITORIO DA EAEM



IV Edición do Festival




IV Edición do Festival

01 MARTES	Pablo Nojes e Páprika <i>Los cómicos ambulantes</i> Pontevedra 20.30 h PRAZA DA CASTAÑA	01 MARTES
02 MÉRCORES	Títeres Cachirulo <i>Camiño de aventuras</i> Pontevedra 20.30 h PRAZA DA CASTAÑA	02 MÉRCORES
03 XOVES	Os Monicreques de Kukás <i>Galiza Máxica</i> Vilagarcía 22.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	03 XOVES
04 VENRES	Chrystyan Magic <i>A maxia vive en ti</i> Redondela MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	04 VENRES
05 SÁBADO	Víctor Aneiros Band <i>O blues do amencer</i> Cedeira AUDITORIO MUNICIPAL	05 SÁBADO
06 DOMINGO	Trío Cubano Sabrosura Monforte de Lemos EDIFICIO MULTIUSOS	06 DOMINGO
08 MARTES	Teatro de Marionetas Trécola <i>A rúa dos contos nº 8</i> Gondomar AUDITORIO LOIS TOBÍO	08 MARTES
09 MÉRCORES	Pablo Nojes e Páprika <i>Los cómicos ambulantes</i> Gondomar AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO	09 MÉRCORES
10 XOVES	Pablo Nojes e Páprika <i>Los cómicos ambulantes</i> Vilagarcía 22.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	10 XOVES
11 VENRES	Títeres Falcatrúa <i>O espírito do bosque</i> Vilagarcía 22.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	11 VENRES
13 DOMINGO	Berrogüetto <i>10.0</i> Carballo PAZO DA CULTURA	13 DOMINGO
14 LUNS	Viravolta Títeres <i>As aventuras do doctor Sabañón</i> Vilagarcía 11.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	14 LUNS



16 MÉRCORES	Ancora Produccións <i>Final de película</i> Cariño AUDITORIO MUNICIPAL	16 MÉRCORES
18 VENRES	Os Cempés <i>Moe a Moa</i> Silleda 22.00 h CARBALLEIRA DA EMPANADA-BANDEIRA	18 VENRES
20 DOMINGO	Sarabela Teatro <i>O héroe</i> Cee SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	20 DOMINGO
21 LUNS	Sarabela Teatro <i>O heroe</i> Cariño AUDITORIO MUNICIPAL	21 LUNS
22 MARTES	Lagarta Lagarta <i>Carambola</i> (Cóncavo convexo) Cariño AUDITORIO MUNICIPAL	22 MARTES
25 VENRES	Teatro de Marionetas Trécola <i>A Rúa dos contos nº 8</i> O Carballiño AUDITORIO MUNICIPAL	25 VENRES
26 SÁBADO	Os Quinquilláns <i>A diáspora</i> Burela 22.30 h PRAZA DO CONCELLO	26 SÁBADO



[...] LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Consellería de Traballo: Fomento da contratación por conta allea	Contratación de mozos/as menores de 30 anos e de colectivos desfavorecidos e con dificultades de inserción e conciliación da vida laboral e familiar.	Empresas (persoas xurídicas ou autónomos) que contraten traballadores dos colectivos subsidiarios. Mais información na web http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&menu=pe0&entry=pe2&item=&content=	15 de setembro*
Consellería de Traballo: Promoción do emprego autónomo	Axudas para a creación de novas empresas: subvención financeira, axudas para inversións e para gastos correntes.	Desempregados que se dean de alta como autónomos independentemente ou que constitúan unha sociedade limitada. Mais información na web http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&menu=pe0&entry=pe3&item=&content=4013	15 de setembro*
IGAPE: Programa emprendedores	Servizos de formación e tutoría gratuítos. Subvención para investimentos e gastos de inicio de actividade.	Promotores de novas empresas. Mais información na web: http://www.igape.es/Programas_e_axudas/Emprendedores/Emprendedores.not.aspx	31 de decembro

*Consultar convocatorias específicas (esta data pode variar nalgúns dos programas de incentivos incluídos baixo este epígrafe xeral)

3. PROGRAMAS EUROPEOS

Convocatoria / Programa	Contido	Dirixido	Data límite
Cultura 2000	Fomentar a aparición e a expansión de novas formas de expresión, dentro dos ámbitos culturais tradicionais e paralelamente ao desenvolvemento dos mesmos: música, artes escénicas, artes plásticas e visuais, fotografía, arquitectura, literatura, libros, lectura, patrimonio cultural incluída a paisaxe cultural, e cultura infantil.	Organizacións culturais en xeral, administracións públicas, asociacións, grupos culturais, etc.	Posible convocatoria en setembro
Xuventude	■ Intercambios de xoves ■ Servizo Voluntario Europeo ■ Iniciativas xuvenís	Asociacións e organizacións xuvenís, así como entidades públicas de ámbito local e estatal	5 prazos anuais

4. OUTRAS CONVOCATORIAS

Convocatoria / Programa	Contido	Dirixido	Data límite
GZ Crea 2006. Certame Galego de Creadores Novos	A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar convoca este concurso para as especialidades de teatro, artes plásticas, fotografía, moda, música, relato, poesía, vídeo, gastronomía, banda deseñada, graffiti e carteis.	Mozos/as galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, de 16 a 30 anos de idade cumpridos no ano 2006.	15 de setembro

REXISTRO DE DATOS: XANEIRO-MAIO 2006

CONCELLOS E ENTIDADES

Concellos e entidades	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Coruña	6	153,83	1.604,23
A Estrada	5	244,80	551,60
Ames	5	67,60	113,20
Arteixo	6	137,33	109,60
As Pontes	3	61,33	63,00
Betanzos	5	139,20	278,40
Boiro	5	145,40	79,20
Burela	2	218,50	23,50
Cambados	5	219,20	262,80
Cangas	5	161,80	509,20
Carballo	5	213,40	401,00
Cariño	6	132,83	12,33
Cedeira	3	51,67	120,67
Cee	2	137,00	133,00
Culleredo	5	142,60	0,00
Ferrol	9	161,11	965,00
Foz	7	115,00	0,00
Gondomar	1	75,00	207,00
Lalín	4	142,50	87,25
Lugo	6	295,00	1.680,00
Monforte	3	245,00	654,00
Muros	8	95,25	138,31
Narón	10	237,00	1.172,48
Noia	2	101,00	308,00
O Carballiño	4	94,50	250,00
Oleiros	6	170,17	423,75
Ortigueira	3	109,00	79,20
Ourense	9	120,67	813,89
Ponteareas	6	199,00	299,33
Pontevedra	12	272,08	512,25
Redondela	7	191,29	887,66
Ribadeo	5	134,40	516,00
Sada	7	94,00	27,71
S. Sadurniño	7	70,14	91,50
Santiago	14	162,79	663,46
Sanxenxo	4	94,50	183,00
Silleda	3	348,00	102,67
Tui	1	500,00	3.330,00
Vigo	20	70,05	151,10
Vigo (Caixanova)	8	351,38	1.967,63
Vilagarcía	10	74,90	108,20
Vilalba	6	218,00	624,70
Vilanova	3	81,67	0,00
Viveiro	2	220,50	885,00
TOTAL	255,00	159,18	488,73

COMPAÑÍAS

Compañías	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Factoría Teatro	5	185,40	534,10
Abe Rábade Jazz	1	46,00	105,00
Áncora Producións	6	119,33	529,42
Antonio Romarís	1	400,00	0,00
Artello-Teatro Alla Scala 1:5	6	200,17	319,58
Art-monium	1	174,00	834,00
Balea Branca	1	181,00	684,00
Batuko Tabanka	1	73,00	77,40
Berrobambán Teatro	1	457,00	1.772,00
Bucanero & Eme2 Producións	4	44,00	159,75
Caramuxo Teatro	6	243,67	304,08
Casahamlet	1	41,00	194,00
Chrystian Magic	2	215,50	240,50
Compañía Cuarta Pared	2	206,50	913,40
Creacións Máxicas	2	314,50	848,00
«Cuarteto de corda da orquestra Solistas de Galicia	1	250,00	0,00
Cuarteto Ephimere	2	24,00	75,00
Estíbaliz Espinosa e Rupert Twine	1	33,00	34,50
Fulano, Mengano e Citano	10	160,50	519,83
Javier Muro	4	281,50	194,25
La Zaranda	1	380,00	1.050,00
Lagarta Lagarta	19	164,58	542,06
LASALTEATRO	3	78,33	101,67
Los Figaros	1	260,00	0,00
Mago Richard	2	157,50	115,00
Magüi Mira	1	84,00	413,00
Máscara Producións	2	67,50	187,50
Migallas Teatro	5	148,60	154,92
Miki Nervio & The Bluesmakers	1	59,00	61,20
Mofa e Befa	3	126,67	332,47
Nova Galega de Danza II	2	301,50	3.765,20
Nove Dous	4	62,50	87,10
O mago Teto	1	227,00	272,40
Os Monicreques de Kukas	4	169,00	125,00
Os Quinquilláns	1	33,00	46,00
Os Sete Magníficos máis un	1	87,00	205,00
Pablo Nojes e Páprika	1	93,00	85,00
Payaso Popín	2	240,00	0,00
R. T. A.	18	436,33	2.776,59
Sala Yago	6	183,50	83,50
San & San	4	70,50	239,53
Santart	7	91,14	172,94
Sapristi	8	88,63	227,25

COMPAÑÍAS

Sarabela Teatro	21	152,62	350,31
Sexteto de corda «No mar»	1	135,00	0,00
Talia Teatro	5	104,80	358,76
Teatro Buratini	7	76,14	70,14
Teatro Cachuzo	2	74,50	57,50
Teatro de Adro	2	89,50	135,50
Teatro de Ningures	5	73,60	197,40
Teatro del Andamio	6	121,50	59,33
Teatro do Aquí	4	206,00	417,00
Teatro do Atlántico	6	73,00	204,97
Teatro do Morcego	10	79,40	203,73
Teatro do Noroeste	4	83,00	308,63
Teatro dos Tirinautas	2	141,00	99,70
Teatro Galileo	4	216,50	416,13
The Pinga Teatro	4	116,75	367,25
Títeres Cachirulo	3	88,33	148,33
Títeres Cascanueces	1	120,00	83,00
Títeres Falcatrúa	2	51,00	102,00
Títeres Trompicallo	1	111,00	222,00
Tres Globos	1	250,00	150,00
Viravolta Títeres	1	90,00	0,00
Volta e Dalle Teatro	4	78,00	145,50
Xabier Díaz	1	52,00	50,40
Xirriquiteula Teatre	3	107,67	0,00
TOTAL	255	159,18	488,73

TOTAIS

FUNCIONs	255
PÚBLICO	40.590
OCUPACIÓN	42,79%
FACTURADO	124.626,2

